

## **"REGULAMENTO XERAL DOS SERVICIOS MORTUORIOS**

### **CAPÍTULO I**

#### **DISPOSICIÓN XERAIS**

**Artigo 1º**.- É obxecto deste regulamento a regulación dos servizos mortuorios no termo municipal de Lugo e, en especial, os seguintes:

- Tanatorio municipal e privado.
- Cemiterio municipal.

**Artigo 2º**.- A falta de disposicións expresas neste regulamento, haberá que averse ó disposto nas normas dictadas polo Estado e a CC.AA. sobre esta materia.

### **CAPÍTULO II**

#### **DO TANATORIO**

**Artigo 3º**.- O Tanatorio Municipal é un ben de dominio público, coa cualificación de ben de servizo público, determinado especificamente no apartado c) do artigo 4.1 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais e a súa utilización axustarase ó previsto no devandito regulamento, no de Servizo e no de Policía Sanitaria Mortuoria, considerándose o uso, salvo prescrición en contra, como especial normal.

**Artigo 4º**.- Serán instalacións obrigatorias de todo tanatorio, sexa municipal ou particular, as seguintes:

- a) Dependencias administrativas, consistentes en Recepción, Oficinas, Despacho de Dirección e Sala de Espera.
- b) Sala de autopsia e tanatopraxia cos seus anexos (vestiario, sala de espera e aseos) e departamento de conservación ou cámara frigorífica (cun mínimo de catro cámaras).
- c) Previsión do local para ampliacións.
- d) Capela/Sala de cultos.
- e) Almacén e garaxe (cun mínimo de 10 prazas).
- f) Florería.
- g) Cafetería.

- h) Zona axardinada.
- i) Aparcamientos.

**Artigo 5º**.- O Concello prestará o servizo do Tanatorio con suxeición ás disposicións de carácter xeral e ás que se conteñen neste capítulo, a través das seguintes actuacións:

- a) Autoriza-la utilización de fogares funerarios e cámaras frigoríficas, así como calquera outro uso especial normal no recinto do tanatorio.
- b) Coidar, limpar e acondiciona-las instalacións do tanatorio.
- c) Percibir dereitos e taxas pola ocupación de fogares funerarios e cámaras frigoríficas, de acordo coa normativa legal e con suxeición ó establecido na ordenanza fiscal correspondente.
- d) Designar ó persoal que coida da administración, vixilancia, traslados, coidado xeral das instalacións do tanatorio e demais que realicen os distintos labores necesarios para a boa xestión do servizo.
- e) )Levar un rexistro de utilización dos servizos do tanatorio.

No caso de que o servizo se xestione de forma indirecta, a organización responsable terá as atribucións outorgadas polo Excmo. Concello, sempre dentro da observancia das disposicións legais vixentes e do documento que regule a xestión do servizo.

**Artigo 6º**.- A utilización do tanatorio supeditarase ás disposicións de rango xeral, en especial ó disposto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria e na Lei e Regulamento do Rexistro Civil, así como ó establecido no presente regulamento.

**Artigo 7º**.-

1. Os servizos que se presten no Tanatorio Municipal realizaranse sen discriminación ningunha por razón de relixión ou calquera outra.
2. Os ritos funerarios practícaranse nos locais destinados para o efecto, de conformidade co disposto polo defunto e polo que a familia determine.
3. Así mesmo, poderán celebrarse actos de culto no lugar ou lugares que determinase o defunto ou, no seu defecto, a familia, distintos ós existentes no tanatorio.

**Artigo 8º**.- As funcións de administración abrangerán:

- a) Encargarse da dirección dos servizos do tanatorio e da utilización das instalacións.
- b) Proponse-las modificacións que deben efectuarse nas Ordenanzas de Policía ou Fiscais que regulan o uso do tanatorio e mailas súas instalacións, xustificando os motivos de modificación e o estudo económico correspondente, no caso das fiscais.
- c) Proponse-las modificacións de réxime interior e horarios de prestación de servizos e de apertura do tanatorio.
- d) Formularlles ós responsables as propostas sobre formación de cadros de persoal, asignación de postos de traballo e funcións; quendas de traballo, descansos semanais e vacacións.
- e) Tramita-los expedientes relativos á utilización dos servizos.
- f) Realiza-las actuacións complementarias verbo da coordinación dos servizos relacionados, a saber: enterramento, coches fúnebres, carrexadores de cadáveres, etc.
- g) Levar a través de libros ou fichas un rexistro da utilización dos servizos.

**Artigo 9º**.- Existirá un servizo de Conserxería, que terá as seguintes funcións:

- a) Encargarse das funcións de custodia, vixilancia e conservación, dando conta das novidades que se produzan en relación cos danos ou perdas previsibles ou adoptando as medidas que estean ó seu alcance en canto á vixilancia e conservación.
- b) Coidar de que non se realice ningún servizo sen as oportunas licencias xudiciais e municipais.
- c) Esixi-lo cumprimento das normas que se dicten para o uso das demais instalacións do tanatorio.
- d) Formalizar un parte diario de incidencias en relación á utilización das instalacións do tanatorio, actividades do persoal e demais circunstancias.

**Artigo 10º**.- A utilización dos locais precisos para instalacións complementarias do tanatorio, como postos para venda de flores ou obxectos de culto, cafetería ou outros usos privativos normais, terán que realizarse con suxeición ás normas que regulan toda concesión sobre bens de dominio público.

No caso de que a xestión se realice de forma indirecta, será a organización responsable a que teña competencias para a adxudicación do mesmo, sempre con observancia das disposicións legais aplicables ó caso,

revertendo ó remate da concesión as instalacións fixas ó Concello sen aboamento de suma ningunha.

**Artigo 11º**.- O cadro de persoal será fixado polo Concello, cubríndose os postos de traballo de acordo co determinado nas normas xerais e Regulamentación Xeral do Réxime Interior do Excmo. Concello de Lugo.

No caso de que o servizo se xestione de forma indirecta, a organización responsable dará a coñecer ó Excmo. Concello o cadro de persoal ó seu xuízo necesario, que deberá ser aprobado por este.

**Artigo 12º**.- O persoal do Servizo do Tanatorio realizará as seguintes funcións:

- a) Coidar do aseo e limpeza do recinto do tanatorio e das súas dependencias.
- b) Atende-la conservación das plantas, arboredo e xardinería en xeral.
- c) Custodiar cantos obxectos existan no lugar, tanto da ornamentación coma dos elementos, moblaxe ou ferramentas necesarias para o seu servizo.
- d) Manter en perfectas condicións de limpeza a Sala de Autopsias, Depósito de Cadáveres e Capela; así como os accesos ó tanatorio e espazos exteriores anexos ó mesmo.
- e) Recibir e conduci-los cadáveres que se lle entreguen para o seu depósito nos velorios.
- f) Recibir e conduci-los cadáveres que se lle entreguen, conservándoos no depósito cando así proceda.
- g) Abrir e pecha-lo tanatorio, conservando a chave, salvo que se dispuxese outra cousa.
- h) Velar pola boa orde do recinto, evitando actos e a presenza de persoas, animais ou realización de actividades que redunden en prexuízo do respecto debido ó lugar.
- i) Ter dispostos os velorios que se precisen, non dando lugar a interromper ou demora-la marcha dos servizos.
- j) Executa-las instrucións especiais emanadas da Alcaldía ou dos seus Delegados, da Administración ou das demais Autoridades competentes na materia, dentro da súa respectiva competencia.

**Artigo 13º**.- O tanatorio deberá de contar, como mínimo, con seis salas para o velorio, dunha superficie aproximada de 50 metros cadrados, e haberá de contar coas seguintes instalacións:

- Cámara de depósito de cadaleitos, debidamente

acondicionada e con acceso independente.

- Sala de Estancia.
- Aseos.
- Teléfonos.
- Entrada independente.

**Artigo 14º.**- No uso do depósito de cadáveres, sala de autopsias e departamento de conservación, haberán de atenderse as resolucións xudiciais que así o ordenan.

**Artigo 15º.**- A utilización das instalacións do tanatorio realizarase de acordo coa súa natureza e axustarase ás seguintes regras:

- a) Confirmación da defunción polo médico adscrito ó Rexistro Civil, sen que exceda o prazo de corenta e oito horas dende que se produciu a defunción.
- b) A concesión da autorización poderá esixir, no seu caso, a realización do embalsamamento ou conservación do cadáver, se as circunstancias o aconsellan, ou para ampliar este prazo ata 96 ou 72 horas, segundo o cadáver estea embalsamado ou sexa conservado transitoriamente.
- c) A autopsia non xudicial, con fins de investigación científica, e a utilización de cadáveres para o ensino, só poderá realizarse nos casos e circunstancias previstas nas disposicións vixentes.
- d) O departamento de conservación poderá ser utilizado para o depósito de cadáveres sempre e cando transcorran 24 horas dende o falecemento e antes de que transcorran 48; non podendo exceder a permanencia no departamento máis de 72 horas, período dentro do cal haberá de dispoñerse o traslado para a súa inhumación ó cemiterio, salvo que sexan sometidos a outras operacións de conservación transitoria e embalsamamento para o seu traslado a outra localidade.

**Artigo 16º.**- As formas de utilización:

1. O servizo normal consistirá na utilización do tanatorio por un período de 24 horas, dando iso lugar á utilización, así mesmo, polo tempo necesario, da sala de cultos. Por este tipo de servizos aboarase unha única taxa.

O uso deste servizo dará dereito á utilización das instalacións complementarias sen que haxa de aboarse taxa ningunha por isto, quedando excluídos desta posibilidade os servizos de florería, cafetería e teléfono.

2. Igualmente poderán utilizarse, independentemente, os servicios de sala de cultos, conservación de cadáveres e sala de autopsia, sen necesidade de que, posteriormente, se utilice o servicio de depósito en túmulo. Pola utilización destes servicios aboarase a taxa que se determine na ordenanza fiscal.
3. Os organismos públicos sanitarios (SERGAS, INSALUD, etc.) que utilicen os servicios de tanatorio terán unha redución nas taxas, que se determinará na ordenanza fiscal. Dita redución non operará cando o servicio utilizado sexa o depósito de cadáveres en túmulos para ser velados.
4. No caso de que a xestión do servicio se realice de forma indirecta, a organización responsable terá a obriga de realizar, gratuitamente, o servicio das persoas indixentes que lle sexa requirido polo Excmo. Concello de Lugo.

**Artigo 17º.** - Orde e goberno interior.

1. O tanatorio permanecerá aberto ó público o tempo suficiente para atender a realización dos servicios, actos de culto e honras fúnebres, así como as visitas.  
En todo caso, os familiares do defunto poderán permanecer na sala para o velorio durante o tempo de utilización da mesma.
2. Non se permitirá a entrada ó tanatorio das persoas ou grupos de persoas que, por acenos ou outras causas, poidan perturba-la tranquilidade do recinto ou afectar ás normas que sexan debidas ó seu carácter.
3. Non se poderá introducir no tanatorio obxecto ningún para a súa colocación nos túmulos, cando desmereza do carácter do recinto.
4. Non se permitirá a entrada de ningunha clase de animais.
5. Non se permitirá a entrada de ningunha clase de comida nin bebida.
6. Tampouco se permitirá a entrada de instrumentos musicais nin outros análogos que poidan perturba-la tranquilidade e recollemento no recinto.

**CAPÍTULO III**

**DO CEMITERIO MUNICIPAL**

**Artigo 18º.**- O Cemiterio municipal de San Froilán rexerese no seu funcionamento polas disposicións do presente Capítulo, sendo así mesmo de

aplicación, no non previsto por este, o Decreto 2263/1974, do 20 de xullo, o Regulamento de Cemiterios de Galicia, aprobado polo Real decreto 133/82, do 4 de novembro, e demais disposicións vixentes na materia.

**Artigo 19º**.- O Cemiterio Municipal está dotado dos seguintes servizos:

- Depósito de cadáveres.
- Local de autopsias.
- Capela de servizos relixiosos.
- Dependencias para o persoal e material municipais.
- Sepulturas de terra e parede para enterramentos.

**Artigo 20º**.- Correspóndelle ó Concello:

- O coidado, limpeza e acondicionamento das instalacións existentes no cemiterio.
- A prestación dos servizos, conforme ás normas reguladoras dos mesmos e tralo pagamento das taxas correspondentes.
- A observancia de cantas medidas hixiénico-sanitarias se establezan legalmente.
- Outorgamento de concesións administrativas de parcelas para a construción de sepulturas e nichos xa construídos.
- Rexistro de defuncións.
- Rexistro actualizado de sepulturas e concesionarios.
- Organización e control do persoal adscrito ó mesmo.

**Artigo 21º**.- As tarifas por prestación de servizos no Cemiterio de San Froilán serán fixadas pola ordenanza reguladora que a Corporación aprobe para cada exercicio económico.

**Artigo 22.**-As dependencias do Cemiterio municipal de San Froilán permaneceran abertas ao público durante todos os días do ano, no horario que, segundo a época estacional, estableza a Xunta de Goberno Local.

**Artigo 23º**.- As dependencias do cemiterio serán atendidas por un encargado, sepultureiros e operarios previstos no cadro de persoal, aprobado para cada ano, segundo as disposicións legais vixentes.

**Artigo 24º**.- Á fronte das instalacións estará un encargado, que se encadrará dentro da estrutura orgánica do Concello, baixo a dependencia do servizo competente.

**Artigo 25º**.- Serán funcións do encargado:

- A custodia e maila conservación de tódalas instalacións do cemiterio.
- Apertura e pechamento do cemiterio no horario previsto no artigo 35º (actual 22º), tendo especial coidado na hora de peche de que tódalas dependencias queden cerradas e en orde, facendo soar repetidas veces a sirena para avisar ós posibles visitantes que non se decaten da hora.
- Dar conta á Alcaldía, a través do Negociado de Cemiterio, das irregularidades ou deterioracións que observe diariamente nas instalacións.
- Vixilancia e control do estado de limpeza, tanto dos paseos e zonas arborizadas, coma das instalacións do servicio (sala de autopsia, conserxería, etc.), velando polo cumprimento das normas hixiénico-sanitarias dentro do recinto.
- Será responsable de tódalas chaves do establecemento- que estarán ó seu cargo exclusivo-, así como das ferramentas e material adscrito ó servicio, do que levará inventario diario.
- Na(s) sección(s) reservada(s) para enterramentos comúns, procurará que a terra estea sempre rasanteada e desprovista de pedras e malas herbas, que deberán ser retiradas para a entulleira.
- Coidará de que os materiais que se necesitan para as obras dos concesionarios non entorpezan o paso nin causen danos nas instalacións existentes.
- Non permitirá ningún enterro, traslado de restos ou calquera tipo de obras sen a presentación da autorización expedida polo Negociado de Cemiterio.
- Fará un especial seguimento da realización das obras, coidando que se axusten tanto ó permiso concedido, coma, noutra orde, ós límites estrictos da parcela. Para iso, deberá replantea-la parcela na que se vaia construír segundo os datos planimétricos, sinalándolles ós interesados os límites da mesma mediante a fixación de estacas nos catro ángulos. En caso de dúbida, será requirido informe dos Servicios Técnicos competentes.



- Terá baixo a súa custodia tódolos documentos que reciba do negociado, sexan permisos de obras, enterros, etc., que deberá conservar cronoloxicamente e por conceptos.
- En xeral, terá baixo a súa responsabilidade que tódolos enterros, traslados e servizos realizados no Cemiterio Municipal se axusten ó disposto no presente regulamento.

**Artigo 26º**.- Serán funcións dos sepultureiros:

- Estar presentes na realización das autopsias, cooperando co médico forense nos traballos non facultativos que lles encomende. Unha vez rematada a operación, procederase a unha limpeza e desinfección do local, de acordo coas medidas técnico-sanitarias que o Concello estableza e o material que, para os efectos, se lle facilite.
- Levanta-los restos, face-los enterramentos, exhumacións e tódolos demais propios da súa profesión, independentemente dos de asistencia e colaboración ó encargado nas funcións da súa competencia. Así mesmo, dirixirán ó persoal auxiliar que os asista na súa función.

**Artigo 27º**.- Os axudantes, independentemente de realiza-las funcións de operario, asisten ó sepultureiro nas tarefas nas que estean especializados.

**Artigo 28º**.- Os operarios realizarán, baixo a supervisión dos seus superiores, traballos que non requiran especial cualificación.

**Artigo 29º**.- O cemiterio está parcelado segundo planimetría oficial existente e subdividido en seccións que se agrupan en tres categorías: 1ª, 2ª e 3ª, segundo os criterios que a seguir se especifican, estando sometidas a distinta taxación segundo o disposto nas Ordenanzas Municipais:

- Grupo 1.-Estarán comprendidas nesta categoría as parcelas con panteón e aquelas situadas con fronte á pista asfaltada ou ben que a súa superficie se encadre nos seguintes subgrupos:
  - a)Pertencen a este subgrupo as sepulturas con superficie igual ou superior a 3,45 metros cadrados.
  - b)Pertencen a este subgrupo as sepulturas con

superficie igual ou superior a 2,25 metros cadrados.

- Grupo 2.-Comprende os nichos de parede, calquera que sexa a súa localización, sendo a súa superficie de 2,40 metros cadrados por corpo.
- Grupo 3.-Encadra as sepulturas que, con superficie de 2 metros cadrados, están situadas en zonas interiores sen fronte á pista asfaltada.

**Artigo 30º**.- As parcelas do Cemiterio poderán ser destinadas para os seguintes usos:

- Construcción de sepulturas en profundidade.
- Construcción de nichos de superficie.
- Construcción de panteóns.

En todo caso, as construccions deberán axustarse ó estipulado na normativa reguladora que corresponda.

**Artigo 31º**.- Dentro das seccións destinadas a sepulturas de terra, en cada parcela poderanse construír, trala autorización municipal ó seu concesionario/a, ata un máximo de catro corpos en profundidade.

**Artigo 32º**.- Os nichos elevados que constrúa o Concello terán un máximo de catro alturas e os seus corpos poderán ser obxecto de concesión individual ou conxunta.

**Artigo 33º**.- O Concello reservará dentro destes o número necesario, non inferior a cincuenta corpos, para atende-las urxencias que se produzan, sendo regulada a súa concesión nos termos previstos no artigo 66º (actual 53º) do presente regulamento.

**Artigo 34º**.- Así mesmo, permitirase a construcción de panteóns nos terreos especificamente acoutados para este fin no plano parcelario xeral e de conformidade coa normativa legal vixente en materia de cemiterios.

**Artigo 35º**.- Cando as circunstancias así o aconsellen e tralo informe do Xefe de Servicio, poderase aprobar por Decreto da Alcaldía o cambio de uso das distintas seccións do cemiterio.

**Artigo 36º**.- Os enterramentos comúns realizaranse na mesma sección que os de urxencia previstos no artigo 33, e deberán existir sempre 6 nichos dispoñíbeis para atender calquera eventualidade que se produza.

**Artigo 37º**.- Os nichos destinados para usos comúns non poderán ser obxecto de concesión administrativa durante un período de 5 anos desde a súa ocupación, transcorrido o cal os restos poderán ser retirados ó osario, e o nicho quedará disposto para a súa nova utilización .

No caso de que o cadáver fose retirado con anterioridade, o nicho quedará a libre disposición do Concello.

**Artigo 38º**.- Serán gratuítos os enterramentos das persoas indixentes ou que teñan dereito á percepción de salario social.

Estes enterros concertaranse a través dunha entidade funeraria, que actuará conforme ó establecido no artigo 4º do presente regulamento, (na actualidade non existe este artigo pola modificación do regulamento do 4-5-1998).

**Artigo 39º**.- Serán, así mesmo, gratuítos os enterramentos de membros anatómicos ou fetos procedentes de centros hospitalarios dependentes do SERGAS, que irán destinados a unha fosa común que se habilite para os efectos. Todo isto mentres o organismo competente non arbitre ningunha medida para o seu tratamento”.

**Artigo 40º**.- Non se poderá realizar ningún enterramento sen que medie autorización expedida polo xulgado competente.

**Artigo 41º**.- Unha vez efectuada a inhumación, a sepultura non se poderá abrir ata que transcorra o prazo regulamentario, salvo naqueles casos nos que a autoridade sanitaria ou xudicial así o dispoñan.

**Artigo 42º**.- Cando o enterramento teña lugar nunha sepultura ocupada con restos, procederase no mesmo acto á súa redución, sempre que se cumpran os prazos regulamentarios.

**Artigo 43º**.- Salvo as reservadas para usos comúns, as parcelas do cemiterio serán outorgadas en concesión administrativa, suxeitándose o seu uso, tenza e transmisión ás disposicións legais vixentes.

A transmisión dos dereitos do concesionario, xa sexa "inter vivos" xa "mortis causa", terá que autorizala o Excmo. Concello de Lugo.

**Artigo 44º**.- As concesións de nichos ou terreos para a construción de sepulturas en profundidade ou panteóns serán periódicas, sendo o seu prazo máximo de 99 anos -dentro do previsto no art. 79 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Decreto 1372/86, do 13 de xuño-, ou ata a clausura do cemiterio, no caso de que tivese lugar antes do remate da concesión. Neste caso, o titular da concesión -ou os seus herdeiros-, poderán obter unha concesión equivalente no novo cemiterio, nas condicións que previamente se sinalen.

Finalizado o prazo máximo de concesión, os titulares da mesma terán dereito preferente a que se lles adxudique novamente a parcela, cando a entidade das obras realizadas e as circunstancias así o aconsellen.

**Artigo 45º**.- A concesión de parcelas, sepulturas, panteóns ou nichos de parede outorgarase por un prazo de VINTECINCO ANOS, renovable en períodos iguais.

Os nichos de parede construídos poderán tamén outorgarse por períodos de DEZ ANOS non renovables.

A concesión de nichos que se outorguen por razón de urxencia, segundo o disposto no artigo 66º (actual 53º) do presente regulamento, non será renovable e terá unha vixencia máxima de DEZ ANOS.

**Artigo 46º**.- Na solicitude de concesión farase consta-la preferencia en canto á zona ou sección, dentro da que os nichos ou sepulturas se outorgarán correlativamente.

A este respecto, e co obxecto de que o negociado coñeza con exactitude a situación de cada sepultura ou nicho, estes deberán estar suficientemente documentados con planos de situación actualizados e co asesoramento técnico que en cada momento requiran.

**Artigo 47º**.- Recibidas as solicitudes, o negociado remitiraas ó informe do Encargado para que no prazo de DEZ DÍAS o emita en relación á situación da parcela ou nicho solicitado.

**Artigo 48º**.- Obtidos os informes precisos, outorgarase a concesión por resolución da Alcaldía, que será notificada legalmente ó interesado, sendo expedido o correspondente título de concesión, no que deberán constar: nome e datos identificativos do titular, período de vixencia da concesión e datos identificativos da parcela ou nicho obxecto da mesma.

Os títulos de concesión deberán ir sempre referidos a persoas físicas,

autorizándose un só titular por parcela ou nicho construído.

**Artigo 49º.**- A liquidación de taxas -que se fará de acordo co estipulado na ordenanza fiscal de taxas por servizos no cemiterio vixente en cada momento-, aprobarase, así mesmo, por resolución da Alcaldía e seralle notificada ó interesado, que, no prazo de 15 días dende o recibo da mesma, deberá facer efectivo o seu importe.

**Artigo 50º.**- Satisfeitos os dereitos, o interesado poderá retirar-lo título ó seu nome, do que deberá quedar oportuna constancia no expediente instruído para o efecto.

**Artigo 51º.**- O exercicio de dereito sobre as parcelas acreditarase pola resolución municipal da concesión, pola súa inscrición no Libro de Rexistro de Cemiterios ou polo título administrativo correspondente. Terá, para tódolos efectos, presunción de veracidade o inscrito no Rexistro, salvo proba en contrario.

**Artigo 52º.**- En caso de que as parcelas ou nichos existentes non cubran a demanda sobre os mesmos, as solicitudes pasarán a unha lista de espera, outorgándose as concesións das parcelas ou nichos libres por rigorosa orde de presentación de instancias.

**Artigo 53º.**- As concesións administrativas sobre nichos ou sepulturas construídos en reserva para casos de urxencia tramitaranse cando se produza falecemento dunha persoa que, non sendo titular de concesión ningunha -ou, de selo, teña a sepultura totalmente ocupada con restos de menos de 5 anos-, non conte con sepultura para o seu enterramento. Neste caso, haberá que axustarse ó seguinte procedemento:

- Poderá ser autorizada, trala presentación previa de licenza de enterramento, a ocupación do nicho ou sepultura construído, con carácter previo á concesión, sempre que se presente a oportuna solicitude, que se realizará (preferentemente por parente de primeiro grao) antes da ocupación, proseguindo posteriormente a tramitación habitual establecida no presente regulamento para as concesións.
- A concesión por urxencia levará implícita a obriga de retirar-los restos ó finaliza-lo período de vixencia da mesma. Se non fosen retirados, o Concello procederá ó seu traslado ó osario común e á habilitación do nicho ou sepultura para novos enterramentos.
- Caducará no suposto previsto no artigo 78º (65º).

**Artigo 54º**.- A condición de titular acreditarase mediante calquera das fórmulas recollidas no artigo 64º (actual 51º).

**Artigo 55º**.- Serán dereitos do concesionario:

- Facer uso da sepultura, enterramento na mesma a familiares ou outras persoas achegadas, conforme ó establecido legalmente.
- Realiza-la construción da sepultura na parcela da que é concesionario e coloca-los adovíos autorizados, trala solicitude do permiso regulamentario.
- En caso de perda ou deterioración do título de concesión, poderá solicita-la expedición dun duplicado, trala oportuna publicidade da solicitude.

Estes duplicados non poderán ser expedidos en caso de falecemento do titular.

**Artigo 56º**.- Son deberes do concesionario:

- Proceder no prazo máximo de tres meses, en caso de parcela simple -e seis meses, en caso de panteóns-, á construción das sepulturas conforme ó permiso de obras expedido polo Concello, someténdose á inspección municipal das mesmas.
- Aboamento das taxas e retirada do título no prazo que se indique regulamentariamente.
- Solicita-la renovación da concesión con tres meses de antelación á finalización do período estipulado en cada caso.
- Mante-las instalacións existentes na parcela da que sexa concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.
- Cumprir con tódalas normas previstas no presente regulamento e as demais que se establezan legalmente.

**Artigo 57º**.- A titularidade das concesións administrativas será modificada nos seguintes casos:

1. Por falecemento do titular.
2. Por transmisión "inter vivos", a solicitude do titular.

En ámbolos dous casos, non se considerará como unha nova concesión, senón como unha modificación na titularidade da existente, polo que non suporá unha interrupción no período da concesión orixinal, que se computará sempre a

partir do outorgamento da concesión ó primeiro concesionario.

**Artigo 58º.-**

1. Ocorrido o falecemento do titular, a concesión administrativa poderá pasar a aquel que posúa os dereitos sucesorios, quen deberá solicitar, no prazo de DOUS ANOS dende o óbito, o cambio de titularidade ó seu favor.

No suposto de que os familiares do falecido estean tramitando a declaración de herdeiros ab intestato, a solicitude de cambio de titularidade substituirase, provisoriamente, por unha comunicación escrita desa circunstancia, acompañada da documentación que a acredite, expedida polo notario ou funcionario xudicial competente. Neste caso, o prazo da solicitude de cambio de titularidade será de DOUS MESES a contar dende a data da declaración de herdeiros, que deberá ser posta en coñecemento do Concello nos dez días seguintes á súa expedición.

En todo caso, o prazo total non poderá superar o límite de DOUS ANOS E DOUS MESES a contar da data na que se producira o falecemento do titular.

2.-Transcorridos os prazos sinalados no número precedente, sen producirse tal solicitude ou comunicación escrita, iniciarase expediente administrativo para decretar a suspensión da eficacia do título de concesión, o que implicará que non se poderán realizar máis enterramentos ata a fin do período de concesión, momento no que, cos límites previstos no artigo 41, a sepultura reverterá ó Concello, quedando á súa libre disposición.

Non obstante, poderá reanudarse a eficacia do título concesional se, con posterioridade, se solicitara o cambio de titularidade segundo o establecido no presente Regulamento e fose autorizado polo órgano competente do Concello.

3.-Unha vez rematado o período de vixencia das concesións administrativas, poderase proceder a unha nova concesión sobre estas sepulturas, con suxeición ó procedemento establecido no artigo 65(bis) para o caso de concesións administrativas caducadas polo transcurso de prazo.

**Artigo 59º.-** A solicitude de cambio de titularidade, que deberá conter os datos identificativos da unidade de enterramento de que se trate, deberá vir acompañada da documentación que a continuación se indica, segundo o procedemento administrativo que corresponda:

1 .- Procedemento ordinario:

- Solicitud formulada polo interesado ou interesada.
- Título de concesión orixinal ou, no seu defecto, duplicado expedido a estes efectos pola administración municipal.
- Certificación de derradeiras vontades.
- Copia autenticada do testamento do concesionario ou, no seu caso, declaración de herdeiros.
- Documento acreditativo da partición do haber hereditario, no que se acredite a adxudicación da concesión a favor do solicitante ou, no seu defecto, documento público ou privado asinado por todos os compoñentes da comunidade hereditaria, ou os seus representantes legais ou voluntarios, no que se preste conformidade ó do cambio de titularidade da concesión a favor do solicitante.

2.-Arbitrase un procedemento especial tendente á actualización da titularidade das concesións administrativas afectadas, sempre e cando quede suficientemente acreditado que o falecemento da/s persoa/s que figuran nos arquivos do Concello como titulares da concesión administrativa da unidade de enterramento de que se trate, sexa dunha antigüidade superior a 30 anos ou tiveran transcorrido, cando menos, dúas xeracións.

A documentación que se deberá achegar nestes casos é a seguinte:

- Instancia na que o interesado ou interesada debe facer constar:
  - Circunstancias que xustifican a aplicación deste procedemento.
  - Línea xenealóxica a partir do titular,
  - Identificación dos herdeiros ou herdeiras e do seu enderezo actual ou, no seu caso, do último coñecido.
  - Relación da documentación que se achega.
- Título de concesión orixinal ou, no seu defecto, duplicado expedido a estes efectos pola administración municipal.
- Certificación negativa do Rexistro de derradeiras vontades.
- Acta matrimonial ou libro de familia do titular se existe ou, no seu caso, declaración xurada da composición do núcleo familiar na data da concesión.
- Escrito formulado por todos/as os compoñentes da comunidade hereditaria, ou os seus representantes legais ou voluntarios, no que se designe cal vai ser o novo ou a nova titular, con renuncia dos restantes



herdeiros ou herdeiras á concesión administrativa e ós dereitos inherentes á mesma sobre a sepultura.

No caso de que algún dos membros da comunidade hereditaria resulte ilocalizable, nese mesmo escrito recollerase unha declaración xurada conxunta, na que se faga constar esta circunstancia.

Na resolución pola que se aprobe a transmisión da titularidade da concesión, farase constar que o novo título se outorga sen perxuízo dos dereitos que puideran corresponder a terceiros afectados.

Será a cargo do/a solicitante o importe das publicacións regulamentarias en boletíns e diarios oficiais que sexa preciso realizar, tanto da proposta de resolución como da resolución ou das notificacións por edictos que sexan precisas.

**Artigo 60º**.- Satisfeitos os dereitos que sexan de aplicación, o interesado poderá retirar-lo título ó seu nome, para o que deberá facer entrega do anterior orixinal.

**Artigo 61º**.- Todo concesionario poderá efectuar cesión dos seus dereitos sobre a sepultura en favor dun terceiro.

Para iso, ademais de formula-la correspondente solicitude, será preciso efectuar -na data e hora que se sinalen-, unha comparecencia conxunta de cedente e cesionario no Negociado de Cemiterio, na que se fará consta-la intención do primeiro de efectua-la cesión, así como a aceptación do novo titular co compromiso de cumprir coas obrigas derivadas da súa nova condición, facéndose cargo das taxas que lle corresponda aboar, segundo a ordenanza en vigor.

**Artigo 62º**.- Unha vez transcorridos VINTECINCO ANOS -e dentro do límite máximo de NOVENTA E NOVE-, terá lugar a renovación da concesión por igual período de tempo.

Para iso, o titular deberá solicitalo con tres meses de antelación a que remate o período da concesión. De non se cumprir este trámite, e a partir desta data, a concesión quedará de libre disposición do Concello, sen prexuízo do disposto no artigo 54º (actual 41º).

Calquera modificación na titularidade da concesión que se pretenda introducir neste momento deberá axustarse ó disposto nos artigos 70º (actual 57º) e seguintes deste regulamento.

**Artigo 63º**.- Os concesionarios de sepulturas, nichos ou panteóns terán dereito, trala solicitude e aboamento das taxas que correspondan, segundo o disposto no artigo 34º (actual 21º) deste regulamento, á prestación dos seguintes servizos:

- Enterramentos nas sepulturas das que sexan titulares.
- Exhumacións das mesmas.
- Traslados dos restos para outra sepultura do mesmo cemiterio.
- Retirada ou redución de restos para o cinseiro.
- Utilización da Sala de autopsias.
- Utilización da Sala de Depósitos.
- Utilización da Capela para servizos relixiosos.
- Calquera outro que o Concello estableza.

**Artigo 64º.**- Para a realización das obras de construción, instalación de adovíos, reformas ou reparacións nas sepulturas, nichos ou panteóns, o interesado deberá presentar no Rexistro Xeral solicitude do permiso correspondente, acompañada de fotocopia de título actualizado acreditativo da súa condición de concesionario da parcela na que pretenda obrar, permiso que será tramitado no Negociado de Cemiterio.

A solicitude será resolta por Decreto da Alcaldía, que deberá ser notificado legalmente ó interesado, o cal, unha vez aboadas as taxas que correspondan, conforme á liquidación que, segundo o disposto no artigo 34º, se realice, poderá retirar, en duplicado exemplar, o permiso expedido.

O encargado do cemiterio velará porque toda obra que se realice dentro do seu recinto se axuste ó estipulado no permiso concedido, para o cal o interesado deberá entregarlle o exemplar existente para tal fin.

**Artigo 65º.**- Toda concesión caducará trala instrucción previa do oportuno expediente, quedando á libre disposición do Concello nos seguintes casos:

- Polo transcurso do prazo de 25 anos que se establecen con carácter xeral para as concesións ordinarias de nichos, sepulturas ou panteóns.
- Nos casos de concesión por urxencia, pola desaparición do obxecto da concesión, entendéndose como tal o traslado dos restos antes do cumprimento do prazo da concesión.
- Pola morte do titular, sempre e cando non fose enterrado no nicho, sepultura ou panteón obxecto da concesión e non existan herdeiros do mesmo.
- 

**Artigo 65 (bis).**-Transcorrido o período de vixencia das concesións, sen que o seu titular, ou titulares, instaran a renovación delas, iniciarase o correspondente procedemento administrativo tendente a declarar a caducidade da concesión, no cal, con carácter previo á adopción da resolución que proceda, outorgarse o trámite de audiencia ó/ós interesados ou interesadas.

- Para tales efectos, concederáselles o prazo dun mes para que aleguen o que estimen oportuno, coa indicación de que, unha vez firme en vía administrativa a declaración de caducidade, deberán proceder á retirada dos restos cadavéricos depositados na unidade ou unidades de enterramento afectadas por aquela e, no caso contrario, serán trasladados ó osario xeral onde permanecerán identificados por espazo de 6 meses, transcorridos os cales serán incinerados e as súas cinzas introducidas nos depósitos habilitados para tal fin no cemiterio municipal.

- Se o titular, ou titulares interesados, cónxuxes ou os seus herdeiros lexítimos, solicitasen durante o trámite de audiencia o outorgamento dunha nova concesión sobre as unidades de enterramento afectadas pola concesión caducada, o órgano competente para a resolución do procedemento incoado pronunciarse nela sobre a declaración da caducidade e sobre o otorgamento da nova concesión solicitada.

- Unha vez firme en vía administrativa a resolución que declare a caducidade da concesión, a unidade de enterramento, xunto coas construcións inherentes a ela, quedará a disposición municipal para a súa nova concesión, agás no suposto en que, simultaneamente se outorgue unha nova concesión ó titular da caducada, ó seu cónxuxe ou os seus herdeiros lexítimos, segundo o previsto no parágrafo precedente.

- No outorgamento de concesións sobre estas sepulturas, nichos ou panteóns, que se realizará conforme ás normas contidas no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios en vigor, terán carácter preferente as solicitudes formuladas polos anteriores titulares, os seus cónxuxes ou os seus herdeiros lexítimos.

En caso de existir varias solicitudes, a orde de prioridade será a seguinte:

Prevalecerá a formulada polo/a titular sobre o/a seu/súa cónxuxe na data da concesión, a deste/a sobre os/as herdeiros; dentro destes, prevalecerá a proximidade do grao de parentesco.

Entre solicitudes das mesmas características e condicións de conformidade coa orde de prioridade establecida, prevalecerá a presentada con anterioridade no Rexistro Xeral de Entrada do Concello.

- Na liquidación de taxas municipais que corresponda para estas novas concesións, estarase ó disposto na Ordenanza de cemiterios en vigor.

2.-Cando se trate de concesións administrativas non renovables, a caducidade será declarada polo órgano competente, do que se dará traslado ós interesados ou interesadas a fin de que, conforme ó disposto no artigo 53, procedan á retirada dos restos cadavéricos alí depositados que, no caso contrario, serán trasladados ó osario xeral onde permanecerán identificados por espazo de 6 meses, transcorridos os cales serán incinerados e as súas cinzas introducidas nos depósitos habilitados para tal fin no cemiterio municipal.”

**Artigo 66º**.- Trala instrucción de expediente coas garantías legais que se establezan, as concesións administrativas reverterán ó Concello nos seguintes casos:

- Polo transcurso de UN MES dende a finalización do prazo para retirar-lo título de concesión e aboamento dos dereitos correspondentes sen que se faga efectivo o seu importe, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer-lo titular.
- Polo estado ruinoso dunha edificación, tralo expediente de ruína instruído para o efecto.
- Polo estado de abandono acreditado en expediente tramitado para o efecto.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

No prazo de TRES ANOS, tódalas concesións administrativas haberán de axustarse ás condicións sinaladas no presente regulamento. A Alcaldía estará facultada para adoptar cantas resolucións considere necesarias para a mellor execución da presente disposición.

### **DATAS modificación regulamento**

PLENO 23-09-94 (BOP 21-11-94)- aprobación inicial.  
PLENO 04-05-98 (BOP 20-05-98)  
PLENO 07-06-04 (BOP 02-07-04)  
PLENO 29-11-06 (BOP 16-03-07)  
PLENO 05-04-2010 (BOP 14-05-2010)